

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

A oferta pública de educación de persoas adultas asegura e garante adquirir, actualizar, completar ou ampliar os coñecementos e aptitudes para o desenvolvemento persoal e profesional. Abarca ensinanzas regradas, formación para o mundo do traballo e ensinanzas socio-culturais.

Estas ensinanzas poderán seguirse mediante as modalidades presencial e a distancia.

- A **modalidade presencial** caracterízase pola asistencia continuada do alumnado aos centros para realizar as actividades previstas nos correspondentes programas.
- A **modalidade a distancia** está dirixida ás persoas que, por diversas circunstancias, presentan dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

Poderán cursar estas ensinanzas todas aquelas persoas maiores de dezoito anos que reúnan os requisitos académicos esixidos para acceder á oferta educativa. Nalgunhas ensinanzas autorízase a inscrición de alumnado menor de dezoito anos que, por algunha causa xustificada, non poida escolarizarse nas ensinanzas ordinarias.

ENSINANZAS BÁSICAS. NIVEL 1

Dirixida a persoas adultas que non dominan as técnicas instrumentais elementais e que necesitan adquirir técnicas básicas de lectura, escritura e cálculo. Organizada para grupos reducidos (máximo 12 alumnos/as), cunha metodoloxía individualizada e con materiais específicos, en horarios flexibles, cun mínimo de 12 períodos lectivos semanais.

ENSINANZAS BÁSICAS. NIVEL 2

Dirixida a persoas sen ningunha titulación que desexen acceder á educación secundaria para persoas adultas, seguir con garantía de éxito cursos de cualificación profesional ou potenciar a súa participación activa na vida social, cultural, política e económica. Abrangue contidos relacionados coas necesidades e a realidade das persoas adultas, estruturados en tres ámbitos globalizados, en horarios flexibles, cun mínimo de 16 períodos lectivos semanais.

ENSINANZAS SECUNDARIAS. NIVEL 3

MODALIDAD E PRESENCIAL

- Destinada a persoas sen ningunha titulación que desexen obter o título de graduado en educación secundaria. As que se matriculen nestas ensinanzas poderán permanecer cursándoas o tempo que o seu ritmo de aprendizaxe precise para a adquisición dos coñecementos establecidos. O acceso poderá ser por superación do nivel II das ensinanzas iniciais, por validación de estudos ou mediante proba.

MODALIDAD E A DISTANCIA

- Con carácter xeral, poderán acceder aquelas persoas que teñan máis de dezoito anos ou aquelas que, con máis de dezaseis anos e menos de dezoito, os cumpran no ano natural no que comeza o curso escolar e que, por determinadas circunstancias, non poidan asistir con regularidade ás actividades docentes regulamentarias.

Poderase obter o título de graduado en educación secundaria ou ben cursar o bacharelato. Unha vez inscrito, o alumnado poderá contar con todo o material especialmente elaborado para estas ensinanzas, que inclúe textos, casetes, cadernos de actividades, guías didácticas, etc. Ademais, dispón, en horarios adaptados ás súas necesidades, de atención individual e colectiva.

O sistema de titorías poderá seguirse de xeito presencial ou a distancia (mediante correspondencia, internet, etc.), e o ritmo de estudo pode adaptalo o alumnado ás súas circunstancias, e non é necesario superar cursos completos.

PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA,

As probas para o título de graduado en educación secundaria celébranse nos meses de xuño e setembro, e convócanse publicamente a través do DOG e dos medios de comunicación. A matrícula formalízase nos centros onde se realice a proba.